

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO
CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2007.-**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Gumersindo A. Rguez. Liz

CONCELLEIROS:

Dna. Isabel García Toirán
D. Manuel López López.
D. Francisco López Castaño
D. Manuel Gay Fernández
Dna. M^a Jesús Gil Castro

No salón de Sesións da Casa Consistorial de O Páramo (Lugo), sendo as 11,30 hrs. do día 25 de Xaneiro do ano 2.007, e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Gumersindo A. Rodríguez Liz, reúnese en 1^a convocatoria o Pleno desta Corporación coa asistencia dos Sres. Concelleiros expresados á marxe.

Non asisten á sesión os Sres. concelleiros seguintes : D. José Rodríguez Pérez, D. José Fernández López e D. Xosé López Gai.

Da fe do acto o Secretario-Interventor titular da Corporación, D. Antonio Lorenzo Morandeira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pásase a análise dos puntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR.-

Pola Presidencia sométese á aprobación do Pleno o Borrador da Acta da Sesión anterior celebrada o día 30 de Novembro de 2.006

Ó non formularse reclamacións nin observacións á mesma , queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DAR CONTA.-

En cumprimento do disposto na normativa vixente dase conta ó Pleno das seguintes resolucións adoptadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria

celebrada:

- Decreto da Alcaldía nº 27/2006, do 28 de Novembro, pola que se presta aprobación á certificación nº 6 das obras de "Valorización do Campo da Feira", polo importe de 27.327,49 €, co conseguinte recoñecemento e liquidacións de obrigas con cargo á partida 5.60 do orzamento municipal.
- Decreto da Alcaldía nº 28/2.006, do 1 de Decembro, pola que se presta aprobación a diversas facturas relativas ó suministro de materiais con destino ó obradoiro de emprego " Ponte de Neira III ", coa conseguinte autorización, disposición do gasto e recoñecemento de obrigas.
- Decreto da Alcaldía nº 29/2.006, do 11 de Decembro, pola que se presta aprobación ás facturas relativas ó suministro de equipamento con destino ó Xulgado de Paz polo importe de 3.159,84 € e pola realización de estudos técnicos no marco do servizo da Televisión Dixital Terreste , polo importe de 2.338,56 €.
- Decreto da Alcaldía nº 30/2.006, do 26 de Decembro, polo que acorda modifica-las condicións do servizo municipal de axuda a domicilio de Dna. Celia García Rodríguez, veciña de San Mamede da Ribeira nº 18.
- Decreto da Alcaldía nº 31/2.006, do 26 de Decembro, polo que acorda modifica-las condicións do servizo municipal de axuda a domicilio de Dna. Leonor Díaz Rodríguez, veciña de Beleigán nº 33.
- Decreto da Alcaldía nº 32/2.006, do 30 de Decembro, pola que se acorda prestar aprobación a diversas facturas relativas ó suministro de materiais con destino ó Obradoiro de Emprego " Ponte de Neira III".
- Decreto da Alcaldía nº 1/2.007, do 12 de Xaneiro, pola que se acorda prestar aprobación a diversas facturas relativas ó suministro de materiais con destino ó Obradoiro de Emprego "Ponte de Neira III".

Queda decatado ó Pleno da Corporación.

3.- EXPEDIENTE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS 1/2007.-

Dada conta do expediente nº 1/2.007, incoado para o recoñecemento extra xudicial de créditos, con cargo o Orzamento Municipal do actual exercicio 2.007, de diversas obrigas a cargo da Corporación procedentes de exercicios anteriores e por un importe total de Trinta Mil Cento Cincuenta e Seis con Corenta e Sete Euros (30.156,47 €).

Vistos, os correspondentes xustificantes do gasto realizado, obrantes no citado expediente, así como o Informe favorable de Secretaría-Intervención sobre a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente nas distintas partidas do Orzamento prorrogado para este ano 2.007.

Vista, a Lexislación vixente aplicable, contida no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, e o Real Decreto 500/1.990, do 20 de abril.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar aprobación ó expediente de recoñecemento de créditos nº 1/2007, incoado, por un importe total de Trinta mil cento cincuenta e seis con corenta e sete (30.156,47) € , co conseguinte recoñecemento de obrigas, e imputándose os gastos correspondentes ás partidas 1.22, (6.497,71 euros) , 4.21 (4.396,48 euros) e 4.22 (19.262,28 euros) do Orzamento Municipal de 2.006 prorrogado para o actual exercicio 2.007, nos termos reflectidos no devandito expediente.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.-

- Seguidamente ó Sr. Alcalde da conta ó Pleno do escrito remitido polo IES "Gregorio Fernández " de Sarria, no que comunica o acordo do centro educativo de solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a implantación en Sarria dunha escola oficial de idiomas, e recabando ó mesmo tempo dos Concellos da Comarca o seu apoio a esta iniciativa .

Á vista do mesmo, o Sr. Alcalde ante a importancia de dispor na Comarca deste servizo propón ó Pleno da Corporación se adopte acordo de apoio á solicitude presentada e relativo á implantación dunha Escola Oficial de Idiomas na localidade de Sarria e a súa ubicación no centro I.E.S. " Gregorio Fernández ".

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la proposta da Alcaldía presentada e o seu traslado á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e ó IES " Gregorio Fernández , ós efectos oportunos.

- Asemade, o Sr. Alcalde propón ó Pleno da Corporación dirixirse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e á empresa Acciona, adxudicataria das obras de " Vía Rápida Nadela-Sarria " e solicitar destes a reposición das tuberías de abastecemento de auga danadas con motivo da execución das devanditas obras no prazo máis breve posible e, en todo caso, no

período comprendido entre finais de Abril e comezos de Maio deste ano, co fin de poder presta-lo servizo municipal de abastecemento de auga na zona antes do inicio da época da sequía.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestarlle aprobación á proposta da Alcaldía presentada e o seu traslado ós interesados ós efectos oportunos.

Antes de pasar ó turno de Rogos e Preguntas, pola Alcaldía procédese a informar ó Pleno dos seguintes asuntos:

- A concesión por parte da Consellería de Presidencia, AA. Públicas e Xustiza dunha achega económica por importe de 50.000,00 € , para adquisición dun vehículo contra incendios e salvamento, debendo asumir o Concello o custo de 16.500,00 € , que supón o 25% restante do total do orzamento, que ascende en principio a 66.500,00 €.
- En relación coa tramitación do PXOM, infórmase pola Alcaldía da recente entrega polos redactores do planeamento do informe técnico ás alegacións presentadas no período de exposición pública posterior á aprobación inicial . Está previsto que próximamente se poida celebrar unha xuntanza previa con tódolos membros da Corporación para o estudio do devandito informe e das alegacións , antes de proceder polo Pleno a súa aprobación provisional e remisión á Xunta para a aprobación definitiva.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

- Dna. M^a Jesús Gil Castro, Voceira do B.N.G., ante as dudas xurdidas pola explicación da Alcaldía en relación coa tramitación do PXOM, pregunta polas fases pendentes antes da súa aprobación definitiva e entrada en vigor.

Pola Alcaldía contéstase que ó último paso previo á aprobación definitiva pola Xunta é a aprobación provisional por parte do Concello, de ahí a importancia desa xuntanza previa para o estudio do informe do técnico redactor do Plan e das alegacións presentadas polos veciños.

E non habendo máis asuntos que tratar no orde do día , pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 12,15 horas do día ó principio indicado, de todo o cal eu o Secretario dou fe.